



A Universidade de Santiago de Compostela presentou no ano 2000 os estudos de Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental, e Xerontoloxía e no 2001 o de Biotecnoloxía, todas elas titulacións propias de segundo ciclo e cuxos resultados da aprendizaxe dos estudantes que obtiveron estes títulos comprenden case todas as competencias proporcionadas polos másteres universitarios de Enxeñaría Ambiental, Biotecnoloxía na que se transformaron no ano 2006. Non obstante co obxecto de reforzar algunha das competencias xenéricas e específicas que proporciona os másteres dictáronse as Resolucións do 31 de marzo de 2008 cos Requisitos Formativos que deberán cursar os estudantes que posúan as citadas titulacións de Graduado Superior e pretendan cursar os Másteres Universitarios Oficiais de Enxeñaría Ambiental, Enxeñaría Biotecnolóxica e Xerontoloxía, Especialidade Xerontoloxía Social.

No segundo punto das resolucións cos Requisitos formativos establecíase que se procederá de oficio ao recoñecemento das competencias formativas adquiridas pola superación das materias de cada unha das titulacións de acordo co que establecía o Anexo coa táboa de adaptación das respectivas titulacións (RR do 14 de Agosto do 2006 e 5 de outubro de 2006). Non obstante o anterior pode ocorrer que como consecuencia da aplicación das táboas de adaptación das devanditas titulacións non resulten adaptadas a totalidade das materias do Máster correspondente que pretende cursar o alumno polo que a este respecto esta reitoría resolve,

UNICO.- A Todos os estudantes que posúan as titulacións de Graduado Superior en Enxeñaría Ambiental, en Biotecnoloxía e en Xerontoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela ou reúnan as condicións para titularse, e pretendan cursar os Másteres Universitarios Oficiais nos que se transformaron estas titulacións deberán matricularse dos requisitos formativos aprobados para cada un deles e recoñeceránselle todas as materias do correspondente másteres, de acordo coas respectivas táboas de adaptación. No caso de que algunha das materias do Máster non teña a súa equivalencia no Graduado Superior deberá recoñeceránselle no seu expediente como **"recoñecida por acreditación de competencias"**.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2009

O Reitor,

Senén Barro Ameneiro



Sr. vicerreitor de Oferta Docente e EEES
Sr. coordinador do máster en Enxeñaría Biotecnolóxica
Sr. coordinador do máster en Xerontoloxía
Sr. coordinador do máster en Enxeñaría Química e Ambiental
Sr. xefe do Servizo de Xestión académica
Sra. xefa do Oficina de Información Universitaria